



Resolución do 16 de xullo de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a participación no programa LECTURA E FAMILIAS, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe), para promover a lectura e o uso responsable da información entre os distintos sectores da comunidade educativa, en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que acollan ensinanzas de educación infantil, primaria, educación especial, secundaria, bacharelato e formación profesional, tanto en réxime ordinario como de Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares, para o curso 2024/25.

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación recolle no artigo 2º. 2 que os poderes públicos deben prestar unha atención prioritaria ao conxunto de factores que favorecen a calidade da ensinanza, entre os que se nomean o fomento da lectura e o uso das bibliotecas.

As bibliotecas escolares configuradas como centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe van evolucionando e adaptándose ás novas necesidades educativas e sociais, ampliando as súas posibilidades e deseñándose como centros creativos de aprendizaxe, integrados na vida da institución educativa, que apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensino e facilitan ao alumnado as aprendizaxes dos contidos curriculares, así como a adquisición de competencias clave e de hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa.

A biblioteca escolar ten como principal misión a de exercer de mediadora da lectura no centro, proporcionando recursos, servizos e oportunidades para o desenvolvemento de competencia lectora para todo tipo de textos, soportes e finalidades, así como de hábitos de lectura no conxunto da comunidade escolar. O equipo de biblioteca, xunto co resto do profesorado procura deseñar, a tal efecto, experiencias de lectura variadas e plurais, acordes ás formas de comunicación actuais e ás necesidades de alumnado, profesorado e familias.

Por outra banda, a biblioteca escolar pode actuar como axente de compensación social, cando ofrece á comunidade un acceso igualitario á información, a educación e a cultura. Neste sentido, a apertura das bibliotecas fóra do horario escolar resulta de gran valor para a comunidade educativa na medida en que proporciona un espazo de encontro que favorece a vivencia dun lecer enriquecedor e complementa a oferta educativa e cultural do medio máis próximo.

Nos últimos anos, as bibliotecas escolares máis activas realizaron importantes avances na implicación das familias na educación lectora dos máis pequenos, organizando actividades para familias na biblioteca, preparando espazos de lectura específicos para pais e nais, creando seccións destinadas ás familias na colección ou implicando os propios pais e nais en actividades de lectura e de buscas de información, entre outras. Así implicación das familias favorece a consecución dos obxectivos en materia de lectura, polo efecto motivador que a súa implicación ten para os máis pequenos.

O Plan LÍA 2021-2025 de bibliotecas escolares incide nesta liña co desenvolvemento de novos ámbitos de actuación para este período centrados en reforzar o deseño de máis e mellores





experiencias de lectura destinadas a todos os integrantes da comunidade escolar, e fomentar así a implicación das familias na formación das novas lectoras e dos novos lectores. Trátase de promover desde a biblioteca escolar capacidades e actitudes relacionadas coa lectura e a comprensión lectora, o pracer da lectura e a lectura por pracer, así como a lectura para aprender e para informarse, con implicación de toda a comunidade educativa, e facilitar a disposición, comunicación e difusión de textos de ficción e de información en múltiples formatos e soportes, que permitan ao alumnado o desenvolvemento da competencia lectora e escritora ademais da súa educación literaria.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

1. Esta convocatoria ten por obxecto convocar a selección de novos centros docentes públicos da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para participar no proxecto Lectura e Familias durante o curso 2024/25.

Ademais darase continuidade aos centros integrados en convocatorias precedentes nas condicións establecidas nesta convocatoria.

2. Así mesmo, búscase estimular o deseño e desenvolvemento de iniciativas que favorezan a participación das familias en actividades da biblioteca escolar, destinadas ao conxunto da comunidade educativa ou especificamente pensadas para a formación e a participación destas familias en experiencias de lectura e, tamén, de traballo coa información e medios de comunicación, coa finalidade de que poidan, á súa vez, intervir con mellores recursos e eficacia na formación dos seus fillos e fillas como persoas lectoras e usuarias de información.

Apartado 2. Destinatarios

1. Seleccionarase un máximo de 25 centros de nova incorporación para a súa participación no programa Lectura e familias para o curso 2024/25.
2. Poderán presentar solicitude aqueles centros docentes públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares que impartan ensinanzas de infantil, primaria, educación especial, secundaria, bacharelato, formación profesional ou ensinanzas de réxime especial, tanto en réxime ordinario como de Aprendizaxe Permanente, ou Ensinanzas Artísticas, Idiomas e Deportivas e que inclúan un programa de Lectura e familias na programación de actividades da biblioteca escolar.
3. Non poderán participar os centros que se incorporan ao PLAMBE no curso 2024/25, xa que cómpre centrar a súa actividade na consolidación do modelo de biblioteca segundo os obxectivos presentados no seu proxecto e aspectos como a xestión técnica, o coidado da colección, melloras en mobiliario e equipamentos, deseño de actividades e programas de lectura e de educación en información.





- Os 115 centros integrados xa no programa, deberán solicitar a súa continuidade, se así o deciden.

Apartado 3. Financiamento

- Os centros seleccionados recibirán unha contía máxima de **1.000€** para que se destinará á adquisición de materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades previstas así como para a realización de obradoiros de formación, ciclos de conferencias ou outras experiencias deseñadas e vinculadas ao obxecto desta convocatoria.
- Os 115 centros integrados xa no programa recibirán, de ser o caso, e se a memoria de actividades do curso anterior acadou unha valoración positiva, unha asignación de **500€** para a realización de obradoiros de formación, ciclos de conferencias ou outras experiencias deseñadas e vinculadas ao obxecto desta convocatoria.
- O presuposto para este programa será de 82.500 € con cargo á aplicación 37.03.423A.640.10, correspondente ao orzamento da consellería para o ano 2024.

Apartado 4. Solicitudes e prazos

- Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>
- A solicitude deberá estar presentada pola persoa responsable da dirección do centro e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria e que son certos os datos indicados nesta e na documentación achegada. A persoa responsable da biblioteca poderá crear e editar a solicitude pero non presentala.
- Os centros de nova incorporación deberán anexar unha descrición da iniciativa prevista segundo o modelo dispoñible na aplicación, cun máximo de 3 páxinas, que inclúa, cando menos, os seguintes apartados:
 - Introdución / Xustificación.
 - Obxectivos do programa.
 - Antecedentes, se os houbera.
 - Descrición das actuacións previstas.
 - Modos de difusión para favorecer a participación.
 - Calendario de desenvolvemento.
 - Coordinación.
 - Función e presenza da biblioteca escolar no desenvolvemento do programa .





4. O prazo para a presentación de solicitudes será de quince días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no portal educativo.
5. A non solicitude de continuidade no programa considerarase como renuncia ao mesmo.

Apartado 5. Requisitos e compromisos do centro e profesorado solicitante

1. Os centros interesados deberán estar integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares no curso 2024/25, coa excepción de aqueles centros que se incorporan ao PLAMBE no presente curso, tal como se recolle no apartado 2, punto 3 desta convocatoria.
2. A persoa responsable da biblioteca en cada centro deberá coordinar e garantir a integración desta iniciativa na programación anual da biblioteca escolar, coa colaboración do equipo de biblioteca ou doutro profesorado do cadro docente.
3. Aqueles centros que soliciten o reingreso no programa Lectura e familias na presente convocatoria, pero xa tivesen formado parte do programa e causado baixa anteriormente por diferentes razóns, poderán ser seleccionados sempre que acaden a valoración suficiente e sempre que transcorrese un mínimo de catro anos desde a data da baixa.
4. Os centros comprométese, no caso de resultaren seleccionados, a contribuír coas súas valoracións á elaboración dun informe, por parte da Asesoría de Bibliotecas Escolares, sobre as posibilidades que ofrece a implicación das familias no conxunto de actividades e iniciativas desenvolvidas pola biblioteca escolar.

Apartado 6. Criterios de selección

Para a selección dos proxectos valoraranse as iniciativas presentadas cun máximo de **10 puntos** tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Orixinalidade e valor intrínseco da proposta en liña co exposto como obxecto desta convocatoria (3 puntos).
- b) Iniciativas destinadas ao fomento da lectura en galego entre a comunidade escolar (1 punto).
- c) Propostas para que as familias desenvolvan recursos en materia de uso da información e medios de comunicación que inflúan favorablemente na formación de seus fillos (1 punto).
- d) Propostas destinadas á formación das familias en materia de lectura (2 puntos).
- e) Presenza e importancia da Biblioteca Escolar no desenvolvemento das iniciativas previstas (1 puntos).
- f) Grao de participación e impacto previsible no conxunto da comunidade educativa do proxecto presentado (2 puntos).





Presentada a solicitude, examínase para ver se reúnen os requisitos esixidos e se vén acompañada da preceptiva documentación, requírendose en caso contrario ao solicitante para que, no prazo de cinco días, emende e/ou complete os documentos e/ou datos que deben achegarse, advertíndolle que se así non o fixese, terase por desistido da súa petición e procederase ao seu arquivo logo de resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas

Apartado 7. Comisión de valoración

Baixo a presidencia da Subdirección xeral de Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue, constituirase unha comisión integrada polos seguintes membros:

- A persoa titular da xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da xefatura do Servizo de Apoio Económico.
- As persoas asesoras responsables da Asesoría de bibliotecas escolares na Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa. Unha delas fará as funcións de secretaria.

Esta comisión constitúese como órgano colexiado creado expresamente en virtude desta Resolución e cuxas funcións son as de instruír todo o procedemento, avaliar e seleccionar as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria conforme aos requisitos detallados no apartado 6.

Apartado 8. Resolución provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional coa selección de 25 centros para a participación neste programa, así como a proposta de continuidade dos centros que o soliciten. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería <http://www.edu.xunta.gal/portal/>
2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. As reclamacións ou renuncias dirixiranse á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.gal> a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación *Lectura e familias*. Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 <http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>

Apartado 9. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros participantes, tanto de nova incorporación como de continuidade.



2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://edu.xunta.gal/portal/>
3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da consellería no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.
4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 10. Avaliación da participación no programa

1. As bibliotecas participantes deberán entregar ao finalizar o curso, unha **breve memoria** das actividades desenvolvidas, segundo o modelo dispoñible na aplicación (máximo de 3 páxinas e até 5 imaxes anexas).
2. Tamén enviarán a xustificación económica segundo o Anexo I (modelo facilitado na aplicación) e as facturas correspondentes.
3. Non enviar a memoria, así como non realizar a xustificación de gasto no prazo sinalado, será causa de revogación das cantidades asignadas e o centro deberá proceder ao reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lle puidesen esixir. Da mesma forma, o incumprimento total ou parcial dos programas ou das condicións que se tiveron en conta para a súa concesión, dará lugar á anulación ou modificación da contía do importe concedido.
4. A data límite de entrega da memoria e da xustificación do gasto será o **10 de xullo de 2025**.
5. Toda esta documentación deberá remitirse a través do seguinte enderezo: <https://edu.xunta.gal/programasbibliotecas/>

Apartado 11. Seguimento

A Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa levará a cabo o pertinente seguimento destas actividades de implicación das familias en iniciativas de fomento da lectura e habilidades no uso e tratamento da información, e difundirá a través do portal educativo, das actividades formativas e doutros medios ao seu dispor aquelas experiencias que merezan darse a coñecer pola calidade e repercusión das súas propostas.



Artigo 12. Pagamento

As cantidades asignadas por esta convocatoria serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico de 2024. Poderán xustificarse gastos con cargo ás asignacións percibidas ao abeiro desta convocatoria con data desde o 2 de setembro de 2024. O gasto non realizado antes de remate do ano, incorporárase ao orzamento do centro do ano 2025 de acordo co establecido no artigo 5º, apartado h) do Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG de 4 de abril). Tomarase como data final para efectuar o gasto o 10 de xullo de 2025.

Apartado 13. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CC BY-NC-SA.



Creative Commons CC BY-NC-SA. Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do programa Lectura e familias nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería. Pode descargarse o logo no seguinte enderezo: <https://www.edu.xunta.gal/biblioteca/blog/?q=node/1690>

Disposición adicional única. Información básica sobre protección de datos persoais

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>
3. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou de forma presencial nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>





4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa





ANEXO I

DOTACIÓN PARA ACTIVIDADES DO PROGRAMA LECTURA E FAMILIAS, ao abeiro da convocatoria da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, na que se incentiva o PROGRAMA LECTURA E FAMILIAS en centros públicos de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que acollan ensinanzas de educación primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, tanto en réxime ordinario como de persoas adultas, ou ensinanzas de réxime especial, no contexto das actuacións para o fomento da lectura en centros escolares para o curso 2024/25	XUSTIFICACIÓN DO GASTO
---	-------------------------------

Nome do centro		Código do centro	
Enderezo		Localidade	
Código Postal	Concello	Provincia	Teléfono

A. INGRESOS

Cantidade total asignada A contía asignada ten carácter finalista, polo que deberá destinarse unicamente aos fins estipulados: o desenvolvemento do programa Lectura e familias , durante o curso 2024/25. <u>Remítirase copia simple de facturas.</u> Os orixinais correspondentes arquivaranse no centro.	_____ €
--	---------

B. GASTOS

Relación de facturas		
Nº da factura	Provedor	Importe
TOTAL GASTO		

Don/Dona, en calidade de presidente/a do Consello Escolar do Centro, **CERTIFICA:**

Que as facturas que se detallan corresponden a gastos necesarios para o desenvolvemento do programa **Lectura e familias**, e que se detallan na memoria perceptiva.

En a de de 2025

O/A Presidente/a do Consello Escolar

Asdo:

